

Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



DECRETO DA ALCALDÍA

Conforme as Bases reguladoras do Programa de subvencións para entidades locais que contraten persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa 2021 - 2027, para o ano 2026.

A solicitude foi enviada en tempo e forma á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e en espera de recibir a correspondente resolución, este concello recibiu autorización para a contratación anticipada dunha persoa moza inscrita no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación, dun/dunha instrutor/a deportivo/a.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, polo presente Decreto

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as bases que rexeran a contratación dun instrutor deportivo a xornada completa e por un período de 9 meses, e que deseguido se expoñen:

BASES PARA O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE CERDIDO, COA OCUPACIÓN DE INSTRUTOR DEPORTIVO

PRIMEIRA. Obxecto, Réxime de contratación e sistema de selección.

O Concello de Cerdido presentou solicitude ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para a contratación de un traballador/a desempregado/a, acolléndose a convocatoria de subvención para entidades locais que contraten persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa 2021 - 2027, para o ano 2026.

A solicitude foi enviada en tempo e forma á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e en espera de recibir a correspondente resolución, este concello recibiu autorización para a contratación anticipada dunha persoa moza inscrita no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación, dun/dunha instrutor/a deportivo/a.

A contratación será de carácter laboral e temporal, na modalidade establecida segundo a reforma laboral, a xornada completa, por un período de contratación de 9 meses. O salario bruto mensual ascende a un total de 1.424,50 € incluídas as paga extra prorrateadas. Nos contratos establece un período de proba dun mes a contar dende o inicio do mesmo.

A selección efectuarase mediante a correspondente oferta na Oficina de Emprego de As Pontes, tal e como se establece na normativa de referencia. Os/as candidatos/as remitidos a consecuencia de devandita oferta deberán presentarse no Concello de Cerdido no prazo estipulado a tal efecto para ser informados do procedemento, tendo que despois presentar a instancia e a documentación para participar no procedemento de selección.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



O sistema de selección será o de concurso, cunha fase de valoración de méritos, se ben se lle vai realizar unha proba de aptitude sobre coñecementos do idioma galego aos/as participantes que non poidan acreditar o nivel de Celga para poder participar no procedemento.

As principais funcións a desempeñar son as propias do posto de traballo ofertado; fundamentalmente van realizar labores que inclúen programar, organizar, dinamizar e avaliar actividades deportivas dirixidas a diferentes grupos, como mozos, maiores ou a comunidade en xeneral. As funcións son diversas e implican o deseño de propostas, a detección de necesidades socio-deportivas, a xestión de recursos e a creación dun ambiente positivo que fomente a participación e o desenvolvemento persoal e comunitario.

O posto de traballo, exige dispoñibilidade horaria e flexibilidade, toda vez que a maior parte das actividades realizaranse en fin de semana ou días festivos. Asemade, os períodos de vacacións da persoa que ocupe o posto, non poderán coincidir cos de maior actividade deportiva.

Os seus traballos van estar supervisados polo concelleiro de Deporte, e/ou Alcaldía.

SEGUNDA.- Publicidade

O anuncio da Convocatoria do procedemento de selección do Proxecto de Emprego, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Cerdido.

As presentes bases estarán expostas ao público nas oficinas da Casa Consistorial do Concello, e máis na páxina WEB oficial do Concello da Cerdido, na sede electrónica, con dirección electrónica sede.cerdido.es durante o prazo que perdure o procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e o taboleiro de anuncios da páxina WEB oficial do Concello da Cerdido, sito na sede electrónica, serán os principais medios para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.-Requisitos dos/as aspirantes

a)Requisitos específicos da normativa.


– Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

– Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

– Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, para seren beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os requisitos de non teren traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

- Unicamente poden participar no procedemento as persoas que proveñan do resultado da oferta de emprego, tal e como se dispón na normativa de referencia, tendo que cumprir e manter os requisitos para participar no mesmo, segundo se establece na Orde de Convocatoria.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



- Non poderán ser contratadas, con cargo ás axudas previstas nesta orde, as persoas traballadoras que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta (180) días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, que se relacionan a continuación:

– Orde do 4 de agosto de 2025 (DOG núm. 157, do 19 de agosto: código de procedemento TR352A 2025).

– Orde do 13 de agosto de 2025 (DOG núm. 160, do 22 de agosto: códigos de procedemento TR350E e TR349Z 2025).

b) Requisitos xerais.

- Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais algún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.

- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Para o procedemento de selección é preciso contar coa titulación oficial específica, e acreditar un nivel de coñecementos o idioma galego acorde coa ocupación, ben por medio do certificado acreditativo do mesmo, ou ben por medio da superación dunha proba de coñecementos do idioma galego na que ten que ser declarado apto.

CUARTA – Documentación.

Para poder participar no procedemento de selección as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación:



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Para poder participar no procedemento de selección as persoas remitidas pola oficina pública de emprego de As Pontes, poderán presentar a súa solicitude mediante a correspondente instancia segundo o modelo establecido nas presentes bases (Anexo I), no Rexistro do Concello de Cerdido, así coma nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acompañada da documentación que se relaciona:

- Titulación oficial específica: Técnico Superior en Enseñanza e Animación Socio-deportiva, Técnico Superior en Acondicionamento Físico, Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas ou titulación equivalente.
- Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.
- Anexo de Relación Numerada de Méritos e documentación que alega para a ocupación do posto de traballo, orixinal ou compulsada, de cada un deles.
- Acreditación do nivel de Celga do aspirante no caso de poder convalidar a proba de aptitude de galego.
- Calquera outra documentación que sirva para acreditar a antigüidade como desempregado/a, a condición de discapacidade superior ou igual ao 33%, a existencia de responsabilidades familiares, persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego, persoas candidatas integrantes de colectivos en risco de exclusión social, incluídos os beneficiarios de renda de integración social de Galicia, persoas desempregadas que participasen nos últimos tres anos en programas de emprego para persoas mozas incluídas no sistema nacional de garantía xuvenil, procedemento TR353B e persoas trans.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no período de presentación da documentación.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ó remate do procedemento de concurso.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar no procedemento, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA. Tribunal cualificador

O Tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por tres membros, presidente/a, secretario/a e vogal.

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación académica cá esixida ós/ás aspirantes sobre as prazas convocadas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas, quen se limitará ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do Tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Sector



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos a metade dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do Tribunal será nomeada polo Alcalde, o que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Cerdido.

SEXTA – Forma de desenvolvemento e sistema de cualificación do sistema de selección.

As persoas candidatas remitidas pola Oficina do Servizo Público de Emprego, serán os que conformen a listaxe de admitidos/as de carácter provisional. O Concello publicará esa listaxe de admitidos unha vez lle sexa enviada a relación de aspirantes.

Os/as aspirantes enviados para participar no procedemento de selección teñen que asistir a unha reunión explicativa onde se explicará todo o referente ao procedemento.

O prazo para a entrega da documentación correspondente ao procedemento será de cinco días hábiles a partir da sesión informativa, mencionada no parágrafo anterior, tendo que presentar devandita documentación no Rexistro Municipal, en calquera das formas admitidas segundo a lexislación vixente. Finalizado o prazo para a presentación de documentación, non se admitirá a entrega de ningún documento relacionado coa valoración de méritos, nin con outra fase do procedemento.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución da Alcaldía, nomearase a composición da comisión seleccionadora que será convocada para valorar a documentación e elaborar a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas e que será publicada no taboleiro de anuncios na sede electrónica do concello. As persoas excluídas disporán dun prazo non superior a dous (2) días hábiles para a corrección de deficiencias, dende a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará o lugar e a data da celebración das probas selectivas.


Terán preferencia na selección a través da oficina de emprego, as persoas con maiores dificultades para a inserción laboral, por esta orde: as persoas con discapacidade, as persoas trans e as persoas en risco de exclusión social, e, a continuación, as persoas desempregadas mozas que participaran nos últimos 3 anos (2023-2024-2025), en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (código de procedemento TR353B)

As fases do procedemento son as expostas a continuación:

6.1.- Valoración de méritos.

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

- Por Cursos e/ou Formación en materias relacionadas coas funcións propias da praza. A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos. Valoraranse os cursos impartidos por organismos oficiais e/ou entidades privadas debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



e universidades) e relacionados coa praza á que aspira. Neste senso, non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias ou outras institucións privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

- Por cursos dunha duración igual a 5 horas e inferior a 10 horas: 0,05 puntos por curso.
- Por cursos de máis de 10 horas lectivas: 0,10 puntos por curso.
- Curso homologado de socorrismo: 1 punto

Non se valorará a formación inferior a 5 horas lectivas.

Neste apartado inclúense como puntuables cursos de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios. Non se valorarán os cursos que se consideren repetidos por teren un contido substancialmente igual, valorándose nestes últimos casos só o de máis duración ou nivel.

Non se valorará a formación académica regrada, atendendo como tal titulacións, como, por exemplo, título de EXB, ESO, podéndose valorar formación regrada se está asociada ás labores que van a desempeñar durante o período de contratación. Non se valorarán cursos de idiomas nin acreditacións de niveis de Celga

6.2.- Experiencia Profesional

- Por cada mes de traballo en posto obxecto da praza ou similar: 0,10 puntos por mes completo, ata un máximo de 2 puntos.

Non se computarán as fraccións de mes e computarase por mes traballado a xornada completa. No caso de ser contratos a xornada parcial, realizarase o cálculo proporcional para transformar as horas traballadas a xornada completa. A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos. Para a acreditación da experiencia laboral deberán presentarse contratos laborais ou documentos de valor probatorio onde se inclúa a ocupación, xornada, tempo e datos do contratante. Xunto con esa documentación, para que sexa tida en conta no proceso de contratación, deberase entregar obrigatoriamente unha vida laboral actualizada.

6.3.- Circunstancias persoais

No procedemento de selección teranse en conta os criterios estipulados no Artigo 14 da normativa da subvención. A puntuación acadada neste apartado non pode ser superior a 5 puntos.

1. Antigüidade como desempregado/a: Máximo 1,50 puntos, en razón de 0,05 puntos por cada mes en situación de desemprego. Acreditarase mediante certificado de períodos de inscrición emitido pola Oficina de Emprego, ou outra documentación de valor probatorio.
2. Condición de discapacidade superior ou igual ao 33% pero que non lle impida realizar as actividades laborais motivo das bases: 0,50 puntos.
3. Existencia de responsabilidades familiares cun máximo de 1 punto, e entendéndose por estas, ter a cargo da persoa desempregada e sen percibir ningún tipos de ingresos: o/a cónxuxe, fillo/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as. Valorarase, 0,25 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental.

Os méritos incluídos neste apartado deberán xustificarse achegando fotocopias do libro de familia, xustificante de convivencia expedido polo Concello e calquera outra documentación que acredite a existencia destas responsabilidades.

4. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego: 1 punto.

Acreditarase mediante certificados de pensións, certificados da Oficina de Emprego, ou documento



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



que acrediten a existencia ou non da prestación.

5. Persoas candidatas integrantes de colectivos en risco de exclusión social, incluídos os beneficiarios de renda de integración social de Galicia: 0.50 puntos

Este apartado xustificárase con documentación válida que confirme esta condición.

6. Persoas desempregadas que participasen nos últimos tres anos en programas de emprego para persoas mozas incluídas no sistema nacional de garantía xuvenil, procedemento TR353B: 0.50 puntos.

7. Persoas trans. 0.50 puntos.

B. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Esta proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba escrita na que se determinará o coñecemento da lingua galega das persoas aspirantes. A valoración do exercicio será de apto ou non apto, sendo preciso para superar esta proba ser declarado APTO.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 2 ou de nivel superior, que é o equivalente a o posto convocado segundo o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

O documento acreditativo do Celga deberá entregarse conxuntamente coa documentación para participar no procedemento.

Rematada a fase de valoración de méritos, e realizada a proba de coñecementos de lingua Galega, o Tribunal calculará a cualificación final, entre os/as participantes que superaran a mesma, emitíndose un anuncio coa listaxe provisional por orde de puntuación de maior a menor, que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello, na sede electrónica, con dirección <https://caniza.sedelectronica.es>. Establecerase un prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación para a realización das alegacións ou revisións que se estimen oportunas por parte dos/das aspirantes.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que teña maior número de cargas familiares. No caso de persistir devandito empate, o segundo criterio é dar preferencia ao candidato que leve máis tempo (en días computables habendo selado os períodos regularmente) en situación de desemprego. De persistir o empate, tomarase como terceiro criterio un sorteo a realizar polos membros do Tribunal ante os/as candidatos ao posto.

Unha vez finalizado o período de alegacións e/ou revisión das cualificacións, e habéndose resolto estas polo Tribunal no caso de as haber, o Tribunal dará o procedemento de selección por finalizado, establecendo unha listaxe dos/das aspirantes por orde de puntuación de maior a menor e publicándose no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello, na sede electrónica, con dirección <https://caniza.sedelectronica.es>. No caso de non haber alegacións que resolver, a listaxe e puntuacións de carácter provisional pasa a adquirir o carácter de definitivo.

SÉTIMA – DESIGNACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.

O Tribunal, á vista dos resultados obtidos, proporá ó órgano competente a contratación dos/as aspirantes que obtivesen as maiores puntuacións, sobre a listaxe creada a tal efecto sen que, en ningún caso, poida superar o número de propostos/as o das prazas convocadas.

Para a realización dos chamamentos sobre a listaxe de aspirantes en base ás puntuacións finais, a



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



persoa encargada de tal acto emitirá o informe ou dilixencia para dar constancia do mesmo incluíndoo no expediente.

En caso de que un/ha candidato/a, unha vez realizado o chamamento para ocupar o posto, non acceda a ocupar o mesmo, procederase ao chamamento do/da seguinte candidato por rigorosa orde de puntuación, e así sucesivamente, ata ocupar a praza obxecto da convocatoria.

O acordo que adopte o órgano competente será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

OITAVA – FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Xustificada a documentación sinalada no punto anterior, o acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación. O contrato será formalizado de acordo coa normativa laboral de aplicación, tendo en conta as especificacións da normativa vixente.

NOVENA. – INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e ós/as aspirantes que participen no proceso. O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que xurdan, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

DÉCIMA. – NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de Outubro de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Administración Municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das Resolucións dos Tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015 do día 1 de outubro.

ANEXO I


SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE UN INSTRUCTOR DEPORTIVO

Don / Dona _____ DNI _____
Enderezo _____ Localidade _____
Teléfono _____ Correo electrónico _____

Vistas as Bases específicas para a contratación de 1 instructor deportivo a xornada completa por un período de 9 meses, ao abeiro do programa de subvencións para entidades locais que contraten persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa 2021 - 2027, para o ano 2026.

EXPOÑO:

Que desexo participar no proceso selectivo para a provisión da praza de instructor deportivo de acordo coas bases da convocatoria.



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Para tal efecto fago constar:

- 1º Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.
- 2º Que coñezo e acato incondicionalmente o contido das bases.
- 3º Que son certos tódolos datos que constan na presente solicitude.
- 4º Que achego coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación.

SOLICITO:

Ser admitido a participar no referido proceso selectivo

Documentación que achego:

- ☐ Titulación oficial específica: Técnico Superior en Enseñanza e Animación Sociodeportiva, Técnico Superior en Acondicionamiento Físico, Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas ou titulación equivalente.
- ☐ Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.
- ☐ Anexo de Relación Numerada de Méritos (anexo 2) e documentación que alega para a ocupación do posto de traballo, orixinal ou compulsada, de cada un deles.
- ☐ Contratos de traballo e informe de vida laboral.
- ☐ Acreditación do nivel de Celga do aspirante no caso de poder convalidar a proba de aptitude de galego.
- ☐ Calquera outra documentación que sirva para acreditar a antigüidade como desempregado/a, a condición de discapacidade superior ou igual ao 33%, a existencia de responsabilidades familiares, persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego, persoas candidatas integrantes de colectivos en risco de exclusión social, incluídos os beneficiarios de renda de integración social de Galicia, persoas desempregadas que participasen nos últimos tres anos en programas de emprego para persoas mozas incluídas no sistema nacional de garantía xuvenil, procedemento TR353B e persoas trans.

Documento electrónico asinado polo Alcalde, D. Alberto J. Rey Paz, do que eu secretario-interventor, D. Ignacio Hipólito Domínguez Simons, dou fe.